

A nosa referencia: 2 - Secretaría
Expediente: 2025/G010/000008

Notifícolle que a Sra. alcaldesa, con data 08-05-2025, ditou a resolución núm. 423/2025 que se transcribe a seguir:

«RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

En uso das atribucións que me son conferidas no artigo 21.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 97 do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

Primeiro: Convocar sesión extraordinaria do Pleno municipal para o martes 13 de maio de 2025, ás 11.00 horas, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 27 de febreiro de 2025, á sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2025 e á sesión extraordinaria do día 9 de abril de 2025
2. Xuramento ou promesa e toma de posesión do cargo de concelleira de dona Mónica Varela Germade
3. Proposta relativa á modificación das comisións informativas permanentes
4. Proposta relativa ao nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados
5. Proposta relativa á solicitude de nomeamento de instrutor nas dilixencias preliminares nº B29/2025 (Expediente nº ENJ2025/000056) incoadas polo Tribunal de Contas
6. Proposta relativa á comparecencia do Concello de Cambre nas Dilixencias Previas Procedemento Abreviado 0001700/2024 que se substancian no Xulgado de Instrucción número 3 da Coruña
7. Moción do BNG relativa á comparecencia do Concello de Cambre no procedemento Dilixencias Previas DPA Dilig. Previas Proc. Abreviado 259/2023
8. Dación de conta do informe resumo de control interno do exercicio 2024, emitido pola Intervención municipal
9. Dación de conta do informe de reparos formulados no exercicio 2024, emitido pola Intervención municipal
10. Dación de conta das resolucións da Alcaldía en materia de reorganización de áreas, nomeamento de membros da Xunta de Goberno Local, nomeamento de tenentes de alcalde, delegación de atribución da Alcaldía na Xunta de Goberno Local e delegacións xenéricas a prol de tenentes de alcaldesa
11. Dación de conta do escrito de UxC respecto da designación de voceira do grupo municipal
12. Dación de conta do escrito do PP respecto da designación de voceiro do grupo municipal

Segundo: Notifíquese aos señores concelleiros e concelleiras para os efectos oportunos.»

O que se lle notifica para os efectos oportunos.

Cambre, na data da sinatura dixital

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo

TABOLEIRO DE ANUNCIOS